

OS INTÉRPRETES

Vertixe Sonora

Dende a súa aparición en 2011, Vertixe Sonora convértese nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa presenza en todo o territorio e a súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global e en permanente estado de convulsión, na busca da excelencia artística.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema musical europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. Os ciclos Música e Arte: Correspondencias Sonoras no CGAC, Do Audible (encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos), o Ciclo MIHLSons-XXI na cidade de Lugo e o Festival Internacional de Creación de Música Contemporánea Vertixe Sonora son algunhas das contribucións que están renovando a audiencia musical en Galicia.

Premio Martín Codax 2016 de Música clásica-contemporánea, realizou 183 estreas absolutas de compositores de 35 países. En España levou o seu repertorio á Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Encontre Internacional de Compositores e Festival Phona en Palma de Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea de Bilbao, Festival SON de Madrid, Festival SMASH de San Sebastián, Festival Bernaola de Vitoria, ensemble residente do Festival MIXTUR de Barcelona e no XXVII Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM 2016 no Auditorio 400 del Museo Nacional del Centro de Arte Reina Sofía.

O seu recoñecemento internacional permitiulle estar presente no Festival Oh Ton de Oldenburg (Alemaña), Festival Electr()cution de Brest (Francia), Levande Musik en Goteborg e Samtida Musik de Estocolmo (Suecia), Festival Síntesis en Guarda e Castelo Branco (Portugal), Festival de Música Nova de Monterrey (México), o CSUF New Music Series del Meng Fall Fullerton en California (EE.UU), ensemble residente do Festival SoundSCAPE de Cesena (Italia). 2019 levoulles ó Festival Callejón del Ruido en Guanajuato (México), Festival Música Viva en Lisboa (Portugal) e ás cidades de Basilea (Suiza) e Oporto (Portugal).

A súa labor foi recollida nos documentais Correspondencias Sonoras (2013) de Manuel Del Río e Sonutopias (2014) do campUSCulturae da Universidad de Santiago de Compostela. Gravou para o selo WERGO o ciclo Die Wanderung da compositora Lula Romero e na primavera de 2020 publicárase no selo NEOS o monográfico sobre o compositor mexicano Víctor Ibarra.

Dende 2021 é membro, sección española, da Sociedade Internacional de Música Contemporánea (ISCM)

www.vertixesonora.net

IX CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO MIHLSons-XXI



CONCERTO

NEW MUSIC, NEW PATHS

Sábado 18 de decembro de 2021

18:30 h.

Museo Interactivo da Historia de Lugo

vertixe **10**
sonora **ANOS**

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN
departament of music

MIHL

100
Anos de Galicia
1931-2031

Neste recital preséntanse os traballos encargados no marco da convocatoria *New Music, New Paths*, que xurdiu orixinariamente da colaboración entre o violinista Roberto Alonso Trillo, a Baptist University of Hong Kong e Vertixe Sonora Ensemble. A música para violín e medios electrónicos ou mixtos que aquí se presenta explora diferentes enfoques para integrar a intelixencia artificial, a creatividade humana aumentada e/ou a colaboración home-máquina.

PROGRAMA

- **Tatiana Gerasimenok** *23.36 ozt** (2021) performance
- **Ramón Otero** *Unha e mil árbores** (2021) violín, electrónica e vídeo
- **Silvia Rosani** *Ni anverso ni reverso** (2021) violín e electrónica
- **Davor Vincze** *#MeMyselfAI** (2021) violín e electrónica
 1. «Singular Value Decomposition»
 2. «Breaking Symmetry»
- **Gabriel Bolaños** *Pixel Streams** (2021) violín, electrónica e vídeo

* Estrea absoluta

Vertixe Sonora: Roberto Alonso Trillo violín, Iván Ferrer-Orozco electrónica

AS OBRAS

23.36 ozt

“As cámaras de videovixilancia están repartidas uniformemente por toda a cidade, a súa tarefa común é a capacidade de controlar o que está a suceder. A dirección principal da videovixilancia é: a entrada, o patio e os lugares concurridos. A cámara, que funciona en lugares concurridos, ten un zoom de 30x. Aínda que colgan moi alto a imaxe pódese ampliar para mostrar unha matrícula ou un burato no asfalto. Hai centros comerciais, oficinas, garderías, hospitais, metro, estadios, etc. baixo estreita supervisión. O ficheiro de vídeo gárdase nun centro de datos, que pasa a ser propiedade do departamento de información informática e, se é necesario, transfírese a outros servizos baixo petición. Segundo as estatísticas, tras a instalación de cámaras de videovixilancia, a taxa de criminalidade baixa. E, ó mesmo tempo, a información recollida polas cámaras públicas pode ser usada potencialmente como unha forma de cbantaxe, voyeurismo e con fins de acoso.

A peza foi escrita para ser representada diante de 9 cámaras CCTV diferentes, o número total de intérpretes é de 45. A idea é non obviar a presenza das cámaras CCTV e, ademais, prestarlles atención coma se fosen outras persoas preto de nós, dirixirse directamente a quen estea ao outro lado da pantalla e percibílos como unha nova forma de vida na que o Homo Sapiens se presenta boxe”.

Tatiana Gerasimenok

Unha e mil árbores

“A realidade aumentada defínese como ‘unha experiencia interactiva dunha contorna do mundo real onde os obxectos que residen nel están realzados por información sensorial xerada por computador, ás veces a través de múltiples modalidades, incluíndo a visual, a auditiva, a táctil, a somato sensorial e a olfactiva’.

Nesta obra, a contorna do mundo real transmítese a través dunha imaxe de vídeo gravada e os obxectos que residen nel están realzados por información auditiva (pregravada e editada).

*Contorna do mundo real: unicamente aparecen retratados obxectos da natureza —principalmente árbores—, dende oito perspectivas diferentes (en canto a ángulos e planos), gravados en planos fixos. As árbores foron elixidas fundamentalmente pola íntima relación que atopo entre eles (como fenómenos visuais) e a música (en termos de forma, estrutura, texturas, procesos etc.); unha relación que se pon de manifesto a través da realidade aumentada. O uso de planos fixos está inspirado no traballo de James Benning (en especial *Ruhr*, 2009) e prefírese ademais porque representa os obxectos do mundo real co mínimo posible de elementos subxectivos.*

Información auditiva e interacción:

1ª fase: os sons do violín (gravados por Roberto Alonso Trillo seguindo as indicacións do compositor) e os sons das árbores e a súa contorna (gravados polo compositor) —como follas ou ramas movidas polo vento, ramas rozadas ou pulsadas coas mans (dedos, cotobelos, palma etc.), cortiza ou madeira frotada ou rascada con unlla etc.— foron editados e mesturados para crear a primeira capa de información auditiva, baseándose no material visual das árbores gravadas.

Ditos sons, unha vez discriminados como obxectos sonoros, foron modificados con ferramentas de edición: amplificados, recolocados, superpostos ou multiplicados de distintas maneiras para dar forma á miña percepción das árbores como obxectos mentais. A relación explorada entre sons e imaxes non pretende ser programática, incidental, descritiva, onomatopéica ou sinestésica. A intención non é representar ás árbores mediante o son, senón traducir a súa percepción visual nunha forma musical.

2ª fase: a información visual de cada un dos oito planos fixos codifícanse como instrucións musicais para o violinista: movementos de árbores causados polo vento, cambios de luz e tonalidade, cambios foco de actividade, patróns creados polo movemento de obxectos superpostos e a luz que os atravesa etc. Posto que a información visual codificada non é secuencial nin narrativa, dá lugar a formas musicais non lineais.

Neste sentido, a forma creada depende da información visual (coas súas propias duracións, traxectorias e estruturas) tal e como o intérprete a percibe e transforma en son, seguindo as instrucións do compositor. De tal maneira que a forma visual é a forma musical. As imaxes do mundo real son a partitura. E a segunda capa de información auditiva será, por tanto, a interpretación en vivo de Roberto Alonso Trillo.

O resultado é a experiencia dunha contorna do mundo real (os planos fixos das árbores) aumentado pola información auditiva interpretada en vivo e pregravada, que é, de feito, a tradución en sons musicais dos mesmos fenómenos visuais. A información visual queda multiplicada pola súa tradución en sons. A forma e a estrutura das árbores, os seus movementos e texturas, son os da música”.

Ramón Otero

Ni anverso ni reverso

“A emoción na música e no son é un tema moi controvertido para os músicos. O que parece ser o enfoque principal da música para non músicos adoita ser o máis supervisado por profesionais, que se dedican principalmente a aspectos técnicos da produción musical como a percepción ou as estratexias de composición e interpretación. Ni anverso ni reverso pretende dotar ó violinista dun sistema que analice o contido emocional do son instrumental en directo e, polo tanto, o guíe por unha partitura organizada en áreas emocionais. Os catro ventiladores resintetizan os sons do violín con diferentes marcos de

tempo, proporcionando así a súa propia interpretación do contido emocional do son instrumental. O modelo de detección de emocións utiliza redes neuronais convolucionais adestradas en tres bases de datos de voces, que previamente foran etiquetadas en oito categorías de emocións”.

Silvia Rosani

#MeMyselfAI

“No meu traballo recente, intrigame moito a idea dos espazos latentes, un termo tomado da informática e da aprendizaxe automática. Defínense como unha incrustación dun conxunto de elementos dentro dunha variedade na que os elementos máis parecidos entre si se sitúan máis preto uns dos outros nese espazo. A miña hipótese artística é que calquera peza musical podería colocarse nun espazo tan multidimensional, almacenarse ali como multitude de puntos, e logo volver conectar os puntos de forma creativa de varias maneiras. Iso é precisamente o que fixen co famoso concerto para violín de Alban Berg nesta peza. O meu traballo artístico consistiu en buscar novos (camiños) que conectaran os puntos (fragmentos) da música existente e xeraran así unha nova peza. A través da estratexia compositiva denominada ‘microlage’ (de micro e collage), estou xerando novas construcións compositivas utilizando certos aspectos do concerto para violín a escala macro e micro. Para producir esta nova constelación, delibero cuidadosamente que elementos orixinais incluír ou excluír, redefinir as súas relacións e remodelar a súa mesoestrutura. Na súa peza, Berg rendeu homenaxe á prematura morte de Manon, a filla adolescente de Alma Mahler, pero evocou indirectamente a desaparición de Europa tal e como el a coñeceu. Partindo desa idea, a miña composición fala da perda de biodiversidade e humanismo como consecuencia da actual pandemia, e o consecuente illamento e dixitalización. Dende un punto de vista estritamente musical, a interacción entre o violín e a electrónica tenta difuminar a diferenza entre o intérprete humano e a máquina. Indirectamente, fago as seguintes preguntas: A electrónica é intelixencia artificial (AI)? O violínista é intelixencia artificial (AI)? Son ambos intelixencia artificial (AI)?”

Davor Vincze

Pixel Streams

“Pixel Streams foi escrito en estreita colaboración con Roberto Alonso Trillo para a convocatoria New Music, New Paths. Esta peza explora o proceso de despixelación de cinco fluxos audiovisuais. Estes fluxos preséntanse inicialmente como bloques abstractos e distorsionados de cor e son, que se van revelando gradualmente a medida que cada un sofre un proceso de desxelación visual e auditiva. O intérprete controla os ritmos de desxelación, navega libremente entre fluxos e controla o procesamento en directo do violín cun pedal, o que lle permite explorar, improvisar e interactuar coa electrónica de forma libre e intuitiva. Un agradecemento especial a Vasily Korf por programar un stylegan2 para xerar un dos vídeos”.

Gabriel Bolaños

OS COMPOSITORES

Tatiana Gerasimenok

Shklow (Bielorrusia), 1992

Tatiana Gerasimenok é unha compositora bielorrusa afincada en Alemaña. Os seus traballos son experimentais e céntranse en combinar varias formas de arte e as últimas tecnoloxías nunha soa.

Estudou musicoloxía na Escola Superior de Música Rimsky-Korsakov de Mogilev e composición no Conservatorio Tchaikovsky de Moscova con Yuri Kasparov. Tatiana Gerasimenok foi seleccionada como compositora para unha bolsa e residencia na Künstlerhaus Lukas (Alemaña, 2022), Künstlerstadt Kalbe (Alemaña, 2021), Kunsthof Dahrenstedt (Alemaña, 2021), bolsa de estudos da Kunchsentstiftung Stiftung Sat e Künstlerstadt-Antung Sa. (Alemaña, 2021), bolsa e residencia na Kulturstiftung Schloss Wiepersdorf (Alemaña, 2020), Künstlerhaus Salzwedel (Alemaña, 2020), Pirineos-Mediterranean Creation Residence (España, 2020), Künstlerdorf Schöppingen (Alemaña, 2019). As súas obras foron estreadas no festival MATA de Nova York (EE.UU., 2019), Internationale Ferienkurse für Neue Musik de Darmstadt (Alemaña, 2018).

Foi seleccionada como compositora para a Académie Voix Nouvelles en Royaumont (Francia, 2017), Akademie Schloss Solitude de Stuttgart (Alemaña, 2017), EBMF International Summer Academy for Young Composers en Nova York (EE.UU, 2017), Fifth and Sixth Academy International Young Composers in Tchaikovsky (Rusia, 2015, 2016).

Ramón Otero Moreira

Pontevedra, 1982

Doutor en Musicoloxía pola Universidade de Salamanca, Ramón Otero é un compositor español, profesor e membro fundador do Festival Resis de Música Contemporánea (Director musical das súas primeiras edicións). Estudou composición con Arlene Sierra, Richard Elfyn Jones, Anthony Powers e David del Puerto.

A súa música xorde da exploración de dous enfoques creativos. Por unha banda, a contraposición entre sonoridades con elementos contrastantes ben diferenciados e sonoridades con elementos contrastantes unificados nun todo orgánico, onde coexisten ó tempo unidade e diversidade: un diálogo entre a antítese e a antinomia como principio xerador de forma. Por outra banda, a utilización de obxectos sonoros illados a partir de materiais pregravados, para a súa posterior multiplicación mediante a alteración dos seus parámetros sonoros, a repetición ou a redistribución en todo tipo de combinacións lineais ou superpostas. Con este método de composición, unha mesma sesión de gravación pode producir infinitas combinacións –de aí o concepto de multiplicación–.

Silvia Rosani

Trieste (Italia), 1975

Silvia estudou composición no Conservatorio Italiano e na Mozarteum Universität, ao tempo que obtivo a licenciatura en enxeñaría electrónica. Doutorouse en Goldsmiths, Universidade de Londres, onde traballou durante anos como profesora asociada.

A súa música é interpretada internacionalmente por conxuntos como o ÖENM, Neue Vocalsolisten e o conxunto NAMES, e por solistas como a violonchelista Esther Saladin e a pianista Anna D'Errico. Silvia tamén actúa con instrumentos electroacústicos que ela mesma diseña e produce. O seu traballo preséntase en festivais como a Bienal de Venecia e Salzburgo, MATA, ECLAT e o Huddersfield Contemporary Music Festival.

Foi residente na Akademie Schloss Solitude, Le Vivier, e no Center for Human-Computer Interaction de Salzburgo. Recentemente, estivo nunha residencia de EASTN-DC no ZKM para desenvolver unha instalación que combina redes neuronais e Internet das Cousas para simular a experiencia dunha casa intelixente disfuncional controlada por axentes distintos a nós. A principios de 2021 tamén estivo en residencia no SWR Experimentalstudio (Freiburg, Alemaña) e no Center for New Media Culture RIXC (Riga, Letonia - EMAP/EMARE), onde a súa instalación interactiva *Amollon* está en directo na canle de YouTube do centro e pódese experimentar con ela a través da súa aplicación. Actualmente, Silvia ensina composición de música electrónica nos conservatorios de Novara e Benevento (Italia).

Davor Vincze

Zagreb (Croacia), 1983

“Coa crecente complexidade do medio humano, os procesos fundamentais dos sistemas que rexen a nosa vida diaria fanse menos evidentes. Por unha banda, hai información máis accesible, pero tamén hai menos tempo para tratar e comprender esa información. Esta dicotomía dá lugar a fascinantes fenómenos sociais, que están no núcleo do meu interese artístico. Os fluxos incesantes da música, os sons con fallas, os procesos iterativos e o ruído estático son só algúns dos elementos que me axudan a describir a resistencia do espírito humano mentres corremos contra a nosa realidade en rápido cambio.

Ao participar en festivais e programas de residencia de renome para compositores como Présences, Impuls, Mata, Manifeste, Steirischer Herbst, Royanmont, etc., puíden intercambiar e discutir as miñas ideas con C. Czernowin, P. Ablinger, M. André, H. Parra e outros. Os meus traballos foron interpretados por concuntos profesionais de música nova (Secession Orchestra, Ensemble Intercontemporain, Klangforum Wien, Ensemble Modern, Talea, Slovene Philharmonics, Ensemble Recherche) e a aceptación do meu traballo tamén deu lugar a varias bolsas de estudos (Boulanger, Frankopan, Erasmus,...).

Estudiei composición nas academias de música de Graz e Stuttgart, así como no Ircam de París, deume a oportunidade de aprender de grandes compositores como C. Gadenstätter, S. Gervasoni, GF Haas, G. Kübr, K. Lang, etc. M Lanza, M. Stroppa e JC Walter. En 2014, xunto co meu equipo, puxen en marcha NOV-ALLS, un festival que se centra na música contemporánea e en proxectos interdisciplinares relacionados. En 2016 comecei o meu doutoramento na Universidade de Stanford, onde estou estudando composición con Brian Ferneyhough e dirección con Paul Phillips. Actualmente estou facendo un intercambio na Universidade de Chicago, onde estou estudando con Anthony Cheung, Augusta Read Thomas e Sam Pluta”.

Davor Vincze

Gabriel Bolaños

Bogotá (Colombia), 1984

Gabriel Bolaños un compositor nicaraguano-estadounidense de música solista, de cámara, orquestral e electroacústica. Adoita traballar en estreita colaboración con intérpretes e gústalle escribir música que explora timbres e estruturas pouco habituais.

Bolaños acadou unha licenciatura en música pola Universidade de Columbia e un doutoramento en teoría e composición da música pola UC Davis. Entre os seus principais profesores de composición

figuran Mika Pelo, Pablo Ortiz, Laurie San Martín, Fabien Lévy ou Sebastian Currier, e estudou orquestración con Tristan Murail.

Bolaños é profesor asistente de composición musical na Arizona State University, onde imparte cursos de composición, análise, tecnoloxía musical e acústica. Foi profesor visitante no Bates College durante o curso 2018-2019 e impartiu cursos de teoría musical e tecnoloxía musical. Como académico visitante Fulbright 2016-17 en Nicaragua, foi compositor residente e director visitante da Orquestra do Conservatorio UPOLI e profesor visitante no Conservatorio de Música da UPOLI.